

VAC Tui (incluído enlace autovía a Portugal)-A Guarda, treito I: Tui-Tomiño. Clave PO/03/009.01.1.

Santiago de Compostela, catorce de febreiro de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

María José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Orde do 18 de outubro de 2007 pola que se modifica a do 29 de maio pola que se actualiza a oferta modular, polo réxime de persoas adultas, en modalidade presencial, de ciclos formativos de formación profesional en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2007-2008.

Advertidos os erros nos anexos da citada orde, publicada no DOG número 211, do 31 de outubro de 2007, cómpre efectuar as seguintes correccións:

No anexo I, páxina 17.516, onde di:

| Concello | Código centro | Centro | Familia profesional | Código ciclo | Ciclo formativo | Código módulo | Módulo |
|----------|---------------|-----------------------------|---------------------|--------------|------------------------------------|---------------|--|
| A Coruña | 15022607 | CIFP Ánxel Casal-Monte Alto | Sanidade | ZS19011 | Laboratorio de diagnóstico clínico | CS0471 | Fundamentos e técnicas de análises hematolóxicas e citolóxicas |
| | | | | ZS19011 | Audioprótese | CS0608 | Acústica |
| | | | | | | CS0609 | Electrónica aplicada a audioprótese |
| | | | | | | CS0FOL | Formación e orientación laboral |

Debe dicir:

| Concello | Código centro | Centro | Familia profesional | Código ciclo | Ciclo formativo | Código módulo | Módulo |
|----------|-----------------------------------|-----------------------------|---------------------------------|--------------|------------------------------------|---------------|--|
| A Coruña | 15022607 | CIFP Ánxel Casal-Monte Alto | Sanidade | ZS19011 | Laboratorio de diagnóstico clínico | CS0471 | Fundamentos e técnicas de análises hematolóxicas e citolóxicas |
| | | | | ZS19011 | Audioprótese | CS0608 | Acústica |
| | | | | | | CS0609 | Electrónica aplicada a audioprótese |
| | | | | | | CS0FOL | Formación e orientación laboral |
| ZM19001 | Coidados auxiliares de enfermaría | CM0FOL | Formación e orientación laboral | | | | |

No anexo II, páxina 17.517, onde di:

| Concello | Código centro | Centro | Familia profesional | Código ciclo | Ciclo formativo | Código módulo | Módulo |
|----------|---------------|-----------------------------|---------------------|--------------|------------------------------------|---------------|---|
| A Coruña | 15022607 | CIFP Ánxel Casal-Monte Alto | Sanidade | ZS19007 | Laboratorio de diagnóstico clínico | CS0470 | Fundamento e técnicas de análises bioquímicas |

Debe dicir:

| Concello | Código centro | Centro | Familia profesional | Código ciclo | Ciclo formativo | Código módulo | Módulo |
|----------|---------------|-----------------------------|---------------------|--------------|------------------------------------|---------------|---|
| A Coruña | 15022607 | CIFP Ánxel Casal-Monte Alto | Sanidade | ZS19007 | Laboratorio de diagnóstico clínico | CS0470 | Fundamento e técnicas de análises bioquímicas |
| | | | | ZM19001 | Coidados auxiliares de enfermaría | CM0RET | Relacións no equipo de traballo |

INSTITUTO GALEGO DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS

Resolución do 31 de xaneiro de 2008 pola que se convocan probas de selección de alumnos para a promoción 2008-2010, para a Sección de Especialización da Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM).

O Decreto 270/1997, do 18 de setembro, polo que se crea a Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia (DOG nº 191, do 3 de outubro), prevé, dentro do funcionamento da escola, a Sección de Especialización. Nesta sección preténdese achegar ao panorama dos estudos musicais na Comunidade Autónoma de Galicia a oportunidade de perfeccionamento instrumental dos novos e descoñecidos valores, como un medio para acadar un maior perfeccionamento nas súas distintas especialidades mediante a formación individualizada que facilite a súa integración profesional ao máis alto nivel.

Con esta finalidade, o IGAEM convoca probas para a admisión e selección de alumnos, para a promoción 2008/2010 e conforme coas seguintes bases:

1. Consonte co Decreto 270/1997, do 18 de setembro, polo que se crea a Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia -no sucesivo EAEM-, e segundo se sinala no seu artigo 6, convócanse probas para elaborar listas na Sección de Especialización, para cubrir as prazas de alumnos activos dispoñibles, en función das posibilidades e necesidades da escola, nas seguintes especialidades:

| | | |
|-------------|-----------|-------------|
| Violín | Viola | Violonchelo |
| Contrabaixo | Óboe | Frauta |
| Clarinete | Fagot | Trompa |
| Trompeta | Percusión | Trombón |

2. A Escola manterá un mínimo de 30 prazas de alumnos activos. Aqueles que, reunindo os requisitos para formar parte do alumnado da escola, non acaden